



Avisos

* **Recollida de Lixo:** Recordamos aos veciños que nos contedores de lixo non se pode depositar nin restos de poda nin herba dos cortacéspedes. Estes tipos de refugallo pesa moito no contedor e supón un sobrecoste moi elevado na factura do lixo.

* **Revisión sulfatadoras agrícolas:** O vindeiro 16 de decembro virá ata Boimorto unha unidade móvil para facer a revisión das sulfatadoras. Estará no mesmo sitio que a ITV dos tractores (Xunta o centro médico). Para pedir cita podedes chamar ao 981 79 25 19 ou ben en Talleres Agromecánica Vicente García. Anotádevos canto antes a fin de que se hai moitas solicitudes poidan mirar de vir dous días ou ver como pode organizar a empresa. No Concello de Boimorto teñen a súa disposición unha folliña coas características que deben cumprir as sulfatadoras para que poidan pasar a revisión

* **Viaxes ao Balneario:** As saídas ao Balneario para esta tempada 2016 rematáronse, retomarémolas de novo no vindeiro ano. Estean atentos as novas ao respecto que publicaremos nos boletíns.

Emprego

* **SERGAS.-** Iníciase o prazo para a inscrición de aspirantes a nomeamentos temporais nos postos de traballo do persoal sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria

- inspector/a médico/a
- inspector/a farmacéutico/a
- farmacéutico/a inspector/a de saúde pública
- licenciado/a sanitario/a: medicina e cirurxía, farmacia, ciencias químicas, ciencias biolóxicas, psicoloxía
- subinspector/a sanitario/a
- ATS/DUE

Prazo de presentación de solicitudes: ata o 30 de novembro de 2016

* **APERTURA LISTAS CONTRATACIÓN TEMPORAL DA XUNTA DE GALICIA.** Listas abertas:

- Xefe de cociña (Grupo III, categoría 014). Requisitos: Tco. Superior en Restauración e Celga 4 ou equivalentes.
- Camareiro/a-limpador/a, cortador/a, pasador/a de ferro, lavandeiño/a (Grupo V, categoría 001). Requisitos: Certificado de Escolaridade e Celga 2 ou equivalentes.

Prazo: ata o 8 de Novembro Publicado no DOG nº 207 de data 31/10/2016.

Para mais información poden pasar polo Concello en horario de 9h. a 15h. os luns, martes, xoves e venres e preguntar por Cristina. De querer anotarse en calquera das listaxes tamén Cristina se encargará de realizar a xestión.

Outono Cultural

* Sábado 5 de novembro 20:00 Casa da Cultura. **Divermaxia.** Historias, contos, maxia...co Mago Paco

* Sábado 26 de novembro 20:00 Casa da Cultura. **Contacontos para toda a familia**

Aula Informática – Biblioteca (Aula de acceso libre)

Horario de apertura: luns e mércores de 16:00 a 18:00.

Servizos para toda a veciñanza: información bibliográfica, consulta en sala, préstamo a domicilio, acceso a Internet, etc.

Curso básico de informática. Horario: luns e mércores, grupo 1 de 11:00 a 12:00 e grupo 2 de 16:00 a 17:00. Interesados/as anotarse no Concello. Duración: 3 meses.

Magosto Popular

* Sábado 12 de novembro - Na Telleira de Boimil, ás 20:30. Churrasco e castañas asadas 6€/persoa. Menores de 12 anos non pagan. Anotarse e recoller o ticket antes do xoves 10 de novembro no Concello 981 51 60 20.

Cantares de Reis

Un ano máis imos contar coa celebración dos Cantares de Reis. Animamos ás cuadrillas a que se vaian preparando. No próximo boletín daremos información detallada desta nova edición de Cantares de Reis.

Baixada do IBI

* Aprobada inicialmente a baixada do IBI (Contribución) polo Pleno Municipal. A baixada do tipo impositivo do IBI para bens inmobles de natureza urbana de 0,55 a 0,50 e para bens inmobles de natureza rústica de 0,50 a 0,40.

Subvencións Municipais

Atópanse en exposición pública as seguintes subvencións:

***Subvención transporte escolar**

Curso académico 2015-2016 para estudos de Bacharelato ou Formación Profesional. Axudas como máximo de 200 euros por alumno.

***Axudas municipais para o apoio á natalidade**

As axudas como máximo de 300 euros por cada fillo nacido ou adoptado entre o 1 de decembro de 2015 e o 30 de novembro do 2016.

Tramitación: Oficinas xerais do Concello

Prazo de presentación: ata o 30 de novembro de 2016.

***Axudas municipais para paliar situacións de emerxencia social**

Tipos de axudas:

- Necesidades básicas
- Axuda para alimentación infantil
- Axudas para pagamentos de aluguer
- Axudas para reparacións ou adaptacións da vivenda habitual para proporcionar niveis mínimos de habitabilidade
- Axudas para a atención de situacións de urxente e grave necesidade que non poidan ser atendidas por ningún dos conceptos contemplados anteriormente...

Tramitación: Servizos Sociais do Concello

Prazo de presentación: Ata o 15 de decembro de 2016.